

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE ABRIL DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/699/2015.- JOSÉ MANUEL CABO OTERO.- Aceptar a cesión de terreo destinado a viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada en Lugar Barral (O).

LIC/1917/2014.- MANUEL MUÍÑO CORRAL.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio de planta baixa – dúas plantas altas e baixo cuberta para 5 vivendas en rúa Santa Cristina nº 14.

LIC/1402/2015.- JAIME MOUZO OLVEIRA.- Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en rúa de Vidán nº 19 C.

SEGREGACIÓN.-

LIC/347/2016.- MARÍA DE LA BARCA VIEITES LÓPEZ E OUTROS.- Denegar a segregación solicitada da parcela nº 485 da zona de Concentración Parcelaria de Eixo – Marrozos.

ACEPTACIÓN DE CESIÓN.-

LIC/1978/2014.- JULIO RIOBOO MACÍAS.- Aceptar a cesión de terreo destinado a viario en base a licenza concedida o 18 de decembro de 2015 para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Mallou de Abaixo nº 1.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

LIC/422/2016.- JOSÉ LUIS FERRÍN JEREMÍAS.- Acceder á devolución das fianzas depositadas en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2011 (LIC/2510/2010). O importe das fianzas é de 4.630,46 € (aval por rede de saneamento e acometidas) e 1.500 € (garantir posibles danos en bens e servizos públicos).

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptar a cesión de terreo destinado a viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Barral (O). (LIC/699/2015). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio de planta baixa, dúas plantas altas e baixo cuberta para 5 vivendas en rúa Santa Cristina, nº 14. (LIC/1917/2014). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en rúa de Vidán, nº 19 C. (LIC/1402/2015). Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da solicitude de segregación da parcela nº 485 da zona de Concentración Parcelaria de Eixo-Marrozos. (LIC/347/2016). Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de terreo destinado a viario en base á licenza concedida o 18.12.15 para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Mallou de Abaixo, nº 1. (LIC/1978/2014). Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de devolución de fianza. (LIC/422/2016). Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización e posta a disposición da Xunta de Galicia do tramo viario cedido pola Comunidade Autónoma ao Concello de Santiago na estrada AC-543. De Vidán a Brandía. Acórdase outorgar á Axencia Galega de Infraestruturas a autorización para a execución do proxecto de construción dunha senda peonil na estrada AC-543 entre Vidán e Brandía. Esta autorización implica a posta a disposición da Xunta dos terreos (500 metros), que seguirán sendo de titularidade municipal. Na execución das obras deberán terse en conta as suxestións do Concello de Santiago.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación do horario de peche solicitado pola ASOCIACIÓN HOSTELERÍA COMPOSTELA para determinadas datas. Acórdase informar favorablemente da ampliación nunha hora do horario de peche do que dispoñen na actualidade os establecementos de hostalería, entre o 29 de abril e o 8 de maio, coincidindo coas festas da Ascensión. Tamén se informa favorablemente da ampliación nunha hora do horario de peche dos establecementos de hostalería para a noite do 23 de xuño.

10 a 37.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

38.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 3 da Rúa Galeras, nº 28-baixo, destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos. Apróbase a prórroga do contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de maio de 2016 ata o 30 de abril de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que será de 824,33 euros, IVE incluído.

39.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do cambio de datas solicitado na concesión do espazo público da Alameda para as festas da Ascensión 2016. Apróbase o cambio de datas, podendo instalar e poñer en funcionamento as atraccións o día 4 de maio ata o día 12 de maio.

40.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da liquidación do programa municipal de conciliación de Nadal 2015. Apróbase a liquidación do programa, cun saldo positivo de 11.449,60 euros.

41.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde dando conta da concesión dunha subvención para o programa de prevención de drogodependencias "VERSIÓN 2.0", polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Dase conta da subvención concedida ao Concello de Santiago, por un importe de 39.312 euros, Apróbase a memoria de actividades da subvención, que inclúe un campionato de fútbolín, concertos sen alcohol, talleres de graffiti ou grupos de estudo. O Concello aportará ao programa 16.848 euros.

42.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á corrección de erro no acordo nº 17 da sesión celebrada o día 8.4.16 sobre o "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago". Apróbase a proposta.

43.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do inicio do expediente de contratación para o Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, cun tipo de licitación de 69.378,91 euros/ano. Esta cantidade distribuirase do seguinte xeito: 30.000 euros anuais para a especialidade de Medicina do Traballo e vixilancia da saúde (unha actividade sanitaria exenta de IVE), e 39.378,91 euros anuais (máis IVE de 8.269,57 euros/ano) para a especialidade de Hixiene Industrial e o apoio do servizo propio de prevención.

44.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do inicio do expediente de contratación do Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, cun tipo de licitación de 59.945,72 euros

(máis IVE de 12.588,60 euros)

45.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da redacción dun proxecto modificado das "Obras para a mellora de mobilidade e accesibilidade barrio Vista Alegre - Fase II". Autorízase a redacción dun proxecto modificado para as obras da Fase II de Vista Alegre, tendo en conta que o proxecto aprobado para a Fase III destas obras supón un rebaixe da rasante de varias rúas, afectando de xeito substancial ás instalacións existentes; e que a oxidación das armaduras de estrutura preexistentes no túnel da rúa de Noia fan necesario replantear a solución estrutural e construtiva de reforzo.

46.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da redacción dun proxecto modificado das "Obras de Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de VISTA ALEGRE, FASE I (ÁMBITO ZONAS I e II)". Autorízase a redacción do proxecto modificado para as obras da Fase I de Vista Alegre, tendo en conta que o proxecto aprobado para a Fase III destas obras supón un rebaixe da rasante de varias rúas, afectando de xeito substancial ás instalacións existentes; a aparición de zapatas das edificacións no bordo da Fase I a unha cota superior a da rasante proxectada que obriga a un replanteamento da sección da rúa, e o traslado da ubicación dunha das illas de colectores soterrados.

URXENCIAS

1.-Proposta de modificación do contrato de prestación do servizo de conserxería e limpeza dos CEIPs para atender as novas instalacións do CEIP Monte dos Postes e do CEIP Roxos-Villestro, realizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Apróbase a modificación do contrato e acórdase consignar noz orzamentos do 2016 o importe correspondente, que ascende a 8.828,09 euros.